CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA A REHABILITACIÓN E DOTACIÓN CON DESTINO A BIBLIOTECA CINE ZÁRATE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar co Concello de Mugardos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Mugardos para rehabilitar o antigo Cinema Zárate.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actividade. O Concello de Mugardos, no exercicio das súas competencias para a protección e xestión do patrimonio histórico, impulsa un ambicioso proxecto de rehabilitación integral do Cinema Zárate. Este edificio, recoñecido oficialmente como monumento no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, atópase actualmente nun avanzado estado de deterioración, polo que o concello se propuxo devolvelo á vida cotiá dos veciños mediante a súa transformación nun espazo común de referencia. Trátase de reconverter este espazo, actualmente abandonado, na nova biblioteca municipal e nun centro multiusos que inclúa salas de exposicións e espazos TIC, garantindo así que un edificio que marcou o pasado de Mugardos volva ser un motor de cultura para todas as xeracións.

Por todo o anterior, o concello de Mugardos é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: t72NsdDL6pu1 https://sede.xunta.gal/cve

recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Asinado por: ELVIRA MARIA CASAL GARCIA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 18/09/2026 12:40:24

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: t72NsdDL6pu1 https://sede.xunta.gal/cve